

Que incentivos existen ao contratar a unha persoa con discapacidade?

O Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE) proporciona bonificacións e reducións á Seguridade Social ao contratar a persoas con discapacidade. O tipo de incentivo varía dependendo do tipo de contrato.

A Federación Down Galicia e as súas entidades ofrecen asesoramento e documentación oficial para facilitar este proceso. A continuación preséntase un resumo dos incentivos vixentes:

CONTRATO INDEFINIDO

As bonificacións duran toda a vixencia do contrato.

Contrato a persoa con discapacidade non severa

Bonificación	< 45 anos	≥ 45 anos
Homes	4.500 €	5.700 €
Mulleres	5.350 €	

Contrato a persoa con discapacidade severa*

Bonificación	< 45 anos	≥ 45 anos
Homes	5.100 €	6.300 €
Mulleres	5.950 €	

CONVERSIÓN EN CONTRATO INDEFINIDO

Conversión de contratos temporais de fomento do emprego, así como de contratos formativos nas empresas ordinarias

Mesmo réxime que a contratación indefinida inicial.

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social

*Persoa con parálise cerebral, enfermidade mental ou discapacidade intelectual igual ou superior ao 33%, ou persoa con discapacidade física ou sensorial igual ou superior ao 65%.

CONTRATO TEMPORAL DE FOMENTO DE EMPREGO

As bonificacións duran toda a vixencia do contrato.

Contrato a persoa con discapacidade non severa

Bonificación	< 45 anos	≥ 45 anos
Homes	3.500 €	4.100 €
Mulleres	4.100 €	4.700 €

Contrato a persoa con discapacidade severa*

Bonificación	< 45 anos	≥ 45 anos
Homes	4.100 €	4.700 €
Mulleres	4.700 €	5.300 €

Contrato de formación en alternancia

Redución das cotas empresariais por todos os conceptos e cotas de recadación conxunta (Lei 3/2012)

- Empresas con menos de 250 traballador@s: 100%
- Empresas con 250 traballador@s ou máis: 75%

Contratos de substitución con desempregad@ con discapacidade para substituír a traballador@s con discapacidade en situación de incapacidade temporal

Bonificación do 100% das cotas empresariais á Seguridade Social por todos os conceptos e cotas de recadación en conxunto.

Contrato para a formación e a aprendizaxe

Sen límite de idade.

Contrato para a formación en alternancia (sen límite de idade se non se optou pola redución da lei 3/2012) e contrato en prácticas

Bonificación do 50% da cota empresarial por contingencias comúns.